

Son elas, o viño e nós.

Antón Lopo

Benvidos e benvidas a esta feira do viño de Pantón, un viño que ten o pouso da lousa e a densidade do érbedo, viños de terras que sempre están entre ríos, nas vertentes soleadas do Cabe, do Miño ou do Sil, vértice da nosa Mesopotamia milenaria, principio e fin da nosa historia.

Cando me chamaron para este pregón, traguei cuspe, como nunha película de suspense. Nunca se me pasara polo maxín a posibilidade de facer o pregón dunha feira do viño, aínda que o viño sexa para min alimento espiritual, físico e literario. Pero unha cousa son eu e o viño, e outra que o viño se encarne en min ou me encarne eu no viño, celme da terra e da luz, confluencia de ambas e, ademais, alucinación botánica.

Digo que traguei cuspe, como nunha película de suspense, e pedín tempo. Necesitaba pensar. Para min era unha honra que o Concello de Ferreira de Pantón me distinguisse coa súa proposta e quero agradecerlle que me permita sentirme un fillo máis desta terra na que, noutro tempo, eu moito máis novo, me disfrazada de exipcio no entroido ou na que una parte da miña familia naceu e morreu, aló polo espazo lendario de Toldaos, un nome que case non atrevía a pronunciar.

Traguei cuspe, penseino e dixen si. Des que decidimos crear o selo comunal da Biblioteca de Mesopotamia, esa editora que pretende cohesionar a identidade da Ribeira Sacra mediante a Literatura, en Ferreira de Pantón atopamos entusiasmo, apoio e confianza, bases

imprescindibles de toda solidariedade. E o feito de que hoxe estea aquí supón tamén expresar a miña gratitude inmensa ás persoas deste concello polo seu apoio, empezando polo alcalde e o técnico de Cultura, que me ofreceron unha amizade franca e cálida.

Nacín nunha familia de colleiteiros que, como a maioría de homes da nosa rexión mesopotámica, facían e fachedeaban do seu viño. O meu avó, coa súa viña da Tarabaza; o viño do Carlos de Mourelos, con predio no Val de Frade; o viño do Pereco, aromático froito da bacía dos Cotos; o viño do tío Manolo nos predios de Santa Mariña do Monte e do seu xenro en Piñeira; o viño do tío Parellas, nas ribeiras do Cabe; o viño do Eduardo, en Santa Mariña e, xa máis recentemente, o viño de Espasantes.

A miña primeira chea foi aos catro anos: o meu tío Panadeiro dicíame: “Bibe neno que este viño é da casa e non fai dano” e eu bebín enlevado de paixón infantil e pracer ata pedir auxilio [esa escena non se me esquece]. E ata onde chega a miña memoria, a viña era patrimonio dos homes, o viño era dos homes, a súa elaboración era unha pericia masculina, aínda que as mulleres fosen maioría nas vendimas e os rapaces os que esmagabamos as uvas cos nosos peñños sen escarcha nin rozaduras. Tamén os homes eran os que, maioritariamente, enchían e deborcaban os vasos nas festas, mentres as mulleres lles servían o xentar ou a cea. Elas adoitaban comer de pé e, se acaso, botaban un grolo rápido que inevitablemente acababa nun xesto de desagrado. “A min o viño agréame”, dicían con prosma.

Había excepcións, claro. Unha era a miña avoa Carolina, leiteira intrépida na súa burra de alforxas e cántaras. O seu prato predilecto eran as sopas de cabalo canso, que é

como lle chaman ao combinado de codelas de pan con viño. Picaba en anacos pequenos o pan e deixábaos en viño azucrado ou “sucrado”, como pronunciaba ela. Conservaba a palabra sucre para azucre, o cal demostra que nós aquí, nalgún momento do noso pasado inmediato, tiñamos algunha caste de seseo, e aí está tamén a palabra cinsa. E incluso gheada, como o suxire a pervivencia de palabras como *Don Guan*, de *larangas* –unha gheada indicativa por ultracorreción– ou a conxugación do verbo faguer no indefinido “figho”. Álvaro Cunqueiro, experto gastrónomo, escribiu que as sopas de cabalo canso se facían con pan de millo quente, viño de caíño e moito azucre, ou co pan frío, quencido no forno nunha cunca de viño. Aseguraba a avoa Carolina que estas sopas eran o mellor xantar que había. A miña nai, Concha –digna herdeira da súa– aínda as sigue facendo aos seus 91 anos.

O combinado, prato exquisito das mellores mesas, foi unha das bases da alimentación na nosa rexión mesopotámica, en Pantón, no Brollón, en Monforte, Sober ou Castro Caldelas. Otero Pedrayo, o gran patriarca das nosas letras na posguerra, chamáballe ao viño “o outro pan”, mentres no refraneiro é popular o dito de que “o viño é pan e medio”. Porque o viño e o pan eran, de feito, a base onde levedaba a forza do traballo labrego. Viño mesmo como medicina, en forma de ponche con ovo para os nenos, ou de viño quente [o chamado “aferventado”] contra os catarros. Ou viño na flor para limpar a gorxa. Viño que, aínda hoxe, na moderna medicina, se considera un potente antioxidante, beneficioso para o corazón e anticanceríxeno.

Pero se era tan importante o viño, tan necesario na escasez alimentaria que asolou o noso país ata hai ben poucos anos [supoño que boa parte de nós podemos lembralo], se o viño daba forza e era unha fonte calórica barata e eficaz contra a

friaxe... ¿por que a tantas mulleres lles repelía o viño ou amosaban tan pouco interese nel?

A cuestión intrigárame sempre pero ata que me pediron que pronunciase este pregón e traguei cuspe, como nunha película de suspense, non me decidín a buscar respostas. Fixen chamadas [o meu admirado Xabier Castro é un manancial inesgotable de sabedoría, sobre todo se falamos de viño] e consultei nas bibliotecas. Entrei, por suposto, en Google e demerxinme na selva das páxinas lixo co único tallamatas da intuición. Preguntei, bebín para paladear a información e debatín coas amigas e amigos. Finalmente púxenme a escribir cunha copa de viño de Pantón, evidentemente.

A cuestión é máis complexa do que, en principio, supoñía e ven de moi atrás, de moito máis atrás do que sería cómpito pensar. A historia co consumo da bebida é, como case todo, unha construción social e cultural asentada na primacía e dominación do home sobre a muller, como subliñou Thomas Laqueur, sexólogo americano que traballou arredor da noción, nociva, de que tradicionalmente a muller era considerada como un home imperfecto ou incompleto.

Deste xeito, sabemos que, desde os albores do cristianismo, xa non estaba ben visto que as mulleres bebesen viño. Debeu ser, probablemente, a partir do século IV, cando o emperador Teodosio prohíbe os templos a Baco, o deus romano do viño, e comezan a impoñerse nos ritos antes de inspiración báquica o enunciado santificado de “kyrie eleison / Christe eleison” [señor, ten piedade / Cristo ten piedade]. As bacanais, festas de celebración do viño nas que unicamente participaban mulleres, xa inquietaran ao Senado romano, que intentou impedilas por

lei sen ningún éxito: seguíronse desenvolvendo de xeito clandestino ata ben entrada a Idade Media. Nesas festas, de alto contido erótico, as bacantes encargábanse de facer cerimonias de fertilidade, proporcionándolle ás rapazas viño para que entrasen en contacto con deus. A práctica da fertilidade unida ao viño persistiu ata non hai moito en Galicia co costume de que, na poda da viña, unha muller se pasease entre as vides murmurando picantadas. De feito, popularmente, en actos clave dos labores agrícolas ou da economía familiar, como a matanza, a malla ou a vendima, as mulleres intercambiaban con frecuencia comentariios satíricos ou obscenos, residuo do seu protagonismo nos antigos rituais.

Foi na Idade Media que comezou a pautarse o consumo do viño entre homes e mulleres. Por documentos do Mosteiro de San Paio de Antealtares, en Santiago de Compostela, e no de Santo Estevo de Ribas de Sil, na nosa rexión silomiñota, sabemos que as frairas só podían beber un tercio do que bebían os frades. Dáse a circunstancia de que nunha mesma mesa, ao capelán podían servirlle tres vasos e á abadesa só un.

As mulleres, porén, seguiron sendo man de obra socorrida nas vendimas. Quedan divertidos testemuños que nos amosan como moitos patróns preferían contratalas a elas para vendimar, dada a súa maxia fecunda. Pero eses mesmos patróns tamén desconfiaban do seu aprezo ás uvas, de grande valor enerxético –con abondoso potasio, fósforo e magnesio, xa que aproveitaban a vendima para conseguir o suplemento nutritivo que a veda do viño lles ripaba. E como comían tantas uvas, o patrón mandábaas cantar. Así naceron os cantos da vendima: mentres as mulleres cantaban as mulleres non podían comer.

Porque non só existían prexuízos culturais para privar á muller do viño: tamén había discriminación alimentaria. Ao non estar ben visto que as mulleres bebesen viño, impedíaseles obter as mesmas achegas calóricas que o home. Houbo varios mecanismos de presión para exercer esa exclusión, en especial nos costumes, como ver indecoroso que as mulleres repetisen prato na comida. Respecto do viño, fixéronse numerosas construcións sociais. Un borracho non é o mesmo que unha borracha e aínda hoxe se pode escoitar, con frecuencia na boca das propias mulleres, que non hai cousa máis fea no mundo que unha muller bébeda. Recentemente, pudimos ler nos medios escritos de comunicación un titular sorprendente: “Una conductora borracha y drogada arrolla a seis ciclistas”. O máis habitual nestes casos, e así se recolle maioritariamente cando se trata de varóns, é que se use a palabra “ebria” e non borracha, pero nos medios –sobre todo os galegos– optouse por darlle carnaza sensacionalista aplicándolle á desgraciada muller o término “borracha”. O refraneiro consolidou a tendencia: “Mujer vinosa, mujer desastrosa” ou “Mujer vinosa, mujer lujuriosa”. O fclorista español Luís Martínez Kleiser recolleu un bo mangado de exemplos: “Mujer que al vino se da ¿a que vicio no se dará?” ou “Mujer que se aficiona al vino, pobre casa y probres hijos”.

Existen paradoxos divertidísimos de discriminación no refraneiro. Dise que a “a la mujer que fuma y bebe el diablo se la lleve” e todo o contrario aparece referido ao varón: “Home que non fuma nin bebe viño, o demo o leve por outro camiño”. Ou sexa: a muller bebedora é mala compañeira e o home abstemio alguén do que non te podes fiar. Pero tampouco vos creades que se aceptaba de bo grao que unha muller fose completamente abstemia. En absoluto. A abstemia total estimábase signo dunha muller demasiado

fría. E se o pensamos un pouco, podemos detectar aínda as pegadaas desa doutrina nas frecuentes escenas onde as mulleres autorregulan estritamente a medida do viño nos seus vasos. Un pouco –si– pero non máis.

Por suposto, nos lugares públicos desaconsellábase ás mulleres beber viño e víase indecente que elas estivesen soas nas tabernas. En Madrid, no século XVIII, como subliña Xabier Castro, prohibíuselle ás mulleres estar quietas nas tabernas. É dicir: podían mercar nelas, transitar por alí, pedir esmola pero non beber. En Galicia, pasaba outro tanto. Consta no “Manual de los confesores” de 1844. A situación evolucionou e chegado o momento, puideron entrar nas tabernas cos seus maridos ou estar nelas se eran cabeza de familia cando os seus maridos marcharan á emigración, embarcaran ou se eran viúvas e “traballaban”, literalmente, “como un home”.

Tivo que vir a modernidade e as cafeterías para que as mulleres tivesen un espazo público onde beber socialmente sen levantar sospeitas. Pero só nos últimos anos empezaron a crearse círculos de bebedoras de viño e é moi recente, en paralelo á emerxencia cultural vinícola, que xordisen as mulleres sumillers, algo por outro lado inevitable: o padal da muller é máis aberto que o do home e valora mellor as innovacións. Máis habitual é, pola contra, a tradición das mulleres adegueiras: ao longo do século XX, está documentado amplamente que elas asumiron a produción en casos concretos, pero non esporádicos: acontecía cando quedaban viúvas, sobre todo. Na Ribeira Sacra non era un costume excepcional e consolidouse nos últimos anos con adegueiras de grande personalidade e pulo empresarial. Por non mentar as mulleres que acompañan aos seus homes na aventura de darlle dimensión universal a estas vides chantadas no precipicio

xeográfico da nosa rexión, un dos grandes tesouros que Pantón preservou para deleite da vida.

O fenómeno non atinxe unicamente á produción. Cada vez son máis habituais as mulleres que saben e opinan de viño, consecuencia dun proceso progresivo de conquistas e visibilidade colectivas. Elas e o viño deixaron de ser un atributo que adornaba a virilidade. Son elas, o viño e nós, en constelación común. E cancións como “viva el vino y las mujeres / que por algo son regalo del señor”, que cantaba Manolo Escobar, semellan hoxe máis unha xirigata insípida que un crianza apetecible.

O viño mesmo deixou de ser patrimonio literario dos poetas... E foron moitos os poetas que cantaron ao viño, en especial os poetas sufis, como Rumi, quen escribiu “o viño que realmente tomamos é o noso propio sangue. Damos as nosas mentes por un grolo” ou Omar Khayyam, que dixo: “porque Deus cando bendeceu a auga a transformou en viño”. Cunqueiro cantou aos viños da Riberia Sacra, como Fole, como Benito Vicetto, como Manuel María, como Novoneyra, como Roberto Martínez Andrade, que naceu en Monforte, ou como Avilés de Taramancos, que tiña a súa taberna de Noia empapaelada de poesía. Hoxe son elas as que nos dan o sabor das súas copas. María Xosé Queizán canta á mención, “á garnacha que fai espigas”, ao “escuro caíño”, ao “sauson que convoca á festa” e “ao brancellao a cabalo, que acompaña ao adolescente afogado”.

Xohana Torres lembra nos seus libros as “viñateiras campesiñas” do Avia, as encostas das vides e o dozor do viño. Anxos Sumai, unha das máis extraordinarias compañeiras de copa que tiveron a fortuna de coñecer, di que o viño é “a fermentación do universo”, “xeografía e sabor a tempo infinito e cereixa madura”. E Ana Romaní lembra os

solpores nos viñedos do Sil en Frontón, cando “colles o acio” e “contemplas o río” mentres a “uva cae” na boca. Margarita Ledo, Lupe Gómez, Olga Novo ou Alicia Fernández son algunhas das mulleres que tinxiron de lousa e érbedo os seus labios para escribir.

O pasado é para comprendernos e o futuro para soñarnos. Pero só os sabios saben beber o presente en grandes copas. Levantémolas e xuntas, xuntos, brindemos polo viño de Pantón. Hoxe é o viño máis sabroso do mundo.

Ferreira de Pantón 14 de maio 2017